

## **AOS QUE SOFREN PERSECUCIÓN. PRISIÓN OU CALQUERA CLASE DE RECLUSIÓN**

### **SAÚDE DA DELEGACIÓN DIOCESANA PARA A NOSA DIOCESE DE MONDOŃEDO-FERROL.**

Na última quenda de nomeamentos para a acción Pastoral Diocesana no próximo curso, o noso benquerido Sr. Bispo, D. FERNANDO GARCÍA CADIÑANOS, pedíume se podía pórmeme á fronte da Delegación de Pastoral Penitenciaria.

Seguramente hai persoas con mellor preparación e con máis títulos académicos ca min. Ao final deste escrito tamén vos direi algo de min

Pero, de comezo, sei algo certo. Xesús dixo: Douche as grazas Pai Santo, Señor do ceo e da terra, porque escondiches estas cousas aos sabios e entendidos deste mundo e revelácheslles á xente sinxela. (Mt 11, 25-30). “Bendito sexa Deus, Pai do noso Señor Xesús Cristo, que por medio de Cristo nos bendiciu no ceo con toda clase de bendicións do Espírito! Porque nos escolleu antes da formación do mundo, para que fósemos santos e sen mancha perante El polo amor. (Ef 1, 3-4).

Botar a andar as cousas certamente é ben difícil. E a Pastoral Penitenciaria esixe moita preparación e compromiso. O máis doado é dicir: Non!

Para min, na miña vida persoal, María sempre foi un referente. Nas alegrías e nas penas, María fiouse de Deus: “Alégrase o meu espírito en Deus, o meu salvador; porque El mirou para a humildade da súa serva”. (Lc 1, 47-48). Ela dixo: Si. E fíxose presente.

“María, ven Ti connosco no noso camiñar”, cantamos a cotío na misa parroquial.

Nos anos que levo de contacto co cárcere, cos presos e presas, coas familias e coas vítimas, comprobei que quen traballa de verdade cos pobres son tamén persoas pobres. E no cárcere só hai pobres. Tan pobres, que ao oírmos o nome de cada un deles ou delas xa nos dá para atrás. Témoslos borrados socialmente do mundo dos “honrados”. Xa só por iso, están entre os máis pobres do mundo máis pobre. E non só iso: Moitos son e están moi enfermos.

Nos anos que levo traballando neste voluntariado e comprometéndome nesta acción pastoral en coordinación coa Arquidiocese de Santiago de Compostela, tanto dentro do cárcere, como no traballo de fóra, antes e despois do cárcere, comprobei que son xente esencialmente boa: **“Yo soy rebelde porque nadie me amó”**. Ao cárcere hai que amalo e coñecelo desde dentro. Nin ensoñacións fantasiosas nin propostas vindicativas. Todos precisamos de segundas, terceiras e moitas máis novas oportunidades. Empezamos a entender algo cando esa ou ese somos nós mesmos ou é alguén da nosa familia.

**“Ponte no seu lugar”**. Este foi un slogan de Cáritas de hai uns anos. A min marcóume na realidade da vida. E tamén moito me animou saber que nisto non estou soia e non é unha labor solitaria. É esencial unha boa equipa seria e documentada.

Benqueridas todas e todos: desde a fe, a esperanza e o amor, desexo que este meu si, sexa tamén unha desas oportunidades para min e para todos.

**“E dito isto: Alentou sobre deles e díxolles: Recibide o Espírito Santo”**.(Xn 20, 23). **“Amigos nas penas e na festa amigos”**.

Grazas, D. Fernando. Espero facer o posíbel para cumprir a misión que se me encarga.

No nome da Igrexa e do mundo de pobres.

*Nieves Espiñeira Medín*

Narón, 20 agosto, 2023

## **PASTORAL PENITENCIARIA MONDOŃEDO FERROL DELEGACIÓN DIOCESANA 2023.**

Para empezar, van unhas páxinas como síntese doutrinal do que é a Pastoral Penitenciaria. Están recollidas literalmente da *Carta Pastoral a los presos y presas de Teixeira en el Año de la Misericordia: "Estuve en la cárcel y vinisteis a verme"*, do Sr. Arcebispo de Compostela D. Julián.

Tamén se recollen literalmente referencias ao *Proyecto de Pastoral Penitenciaria*, elaborado pola equipa da Delegación Diocesana de Compostela.

*"O Espírito do Señor está sobre min porque El foi quen me unxiu para proclamarlles a Boa Nova aos pobres. Mandoume para lles anunciar a liberación aos cativos e a vista aos cegos, para lles dar liberdade aos asoballados, e proclamar o ano de graza do Señor. Hoxe cúmprese diante de vós esta pasaxe da Escritura". (Lc 4 18-21).*

*"Vinde, benditos do meu Pai; recibide a herdanza do Reino preparado para vós desde a creación do mundo. Porque tiven fame e déstesme de comer; tiven sede e déstesme de beber; fun forasteiro e acolléstesme; estiven espido e vestístesme; enfermo e visitástesme; estiven na cadea e viñéstesme ver". (Mt 25,34-36).*

*"En moitas partes do mundo, as cidades son escenario de protestas en masa, onde millares de habitantes reclaman liberdade, participación, xustiza e varias reivindicacións que, se non foren adecuadamente interpretadas, nin pela forza poderán ser silenciadas. Non podemos ignorar que, nas cidades, facilmente se desenvolve o tráfico de drogas e de persoas, o abuso e a explotación de menores, o abandono de anciáns e doentes, varias formas de corrupción e crime. Ao mesmo tempo, o que podería ser un precioso espazo de encontro e solidariedade, transformase moitas veces nun lugar de retraemento e desconfianza mutua. As casas e os barrios constrúense máis para illar e protexer do que para unir e integrar. A proclamación do Evanxeo será unha base para restabelecer a dignidade da vida humana nestes contextos, porque Xesús quer derramar nas cidades vida en abundancia (cf. Jo 10, 10). (EG 75). (Papa Francisco, Evangelii Gaudium, nº 75).*

### **SÍNTESE DOUTRINAL A XEITO DE GUIEIRO PARA EMPEZARMOS**

**1).** "Desde o primeiro momento da historia da Igrexa, a preocupación polas persoas encarceradas nunca lle foi allea. Desde as orixes do cristianismo, a Igrexa foi moi sensíbel á situación dos homes e mulleres privados de liberdade e ás condicións innegociábeis de **respecto á súa dignidade** en que debe desenvolverse a execución das sentenzas penais".

*"Mirade polos que están presos, coma se vós mesmos estivédeses presos con eles; e mirade polos que padecen malos tratos, coma se vós mesmos vivídeses no corpo deles". (Hb 13,3).*

"Ninguén nace no cárcere, nin ten alí a súa casa, nin debe terminar os seus días nela. Tampouco a prisión é sufrida exclusivamente polo preso. Atrás quedan as súas familias, e por suposto, as vítimas".

"A Igrexa sabe que con independencia das nosas culpas, "na natureza humana nunca desaparece a capacidade de superar o erro e de buscar o camiño da verdade".

2). **A PASTORAL PENITENCIARIA pretende anunciar a Xesús Cristo na dura realidade de exclusión das persoas penadas, privadas de liberdade. Pobres entre os máis pobres. Perderon todo. E a principal perda: perderon o propio nome. Só oír o seu nome xa producen exclusión, rechazo e mesmo persecución, cando non intentos de eliminación radical polos medios que sexan**”.

“Todo este sufrimento non pode ser alleo á comunidade cristiá. Precisamos ter un verdadeiro coñecemento do problema penitenciario para poder darlle a resposta adecuada”.

“Haberá que lembrar a **conversión operada nos discípulos de Emaús** que tanto nos pode axudar neste **proceso de achegamento ás persoas, preguntándolles que lles pasa, escoitándoos longamente e léndoos dende a realidade da nosa fe**”.

3). “É fundamental **o acompañamento** no ministerio penitenciario: **saber escoitar, ter coñecemento da problemática penitenciaria para poder dar a resposta adecuada. Todo isto buscando a transformación da persoa**”.

“O respecto efectivo dos dereitos económicos, sociais e culturais, o apoio á familia, ás nais solteiras e ás familias rotas, así como as políticas de integración social de todos os grupos humanos vulnerables constitúen as accións preventivas máis grandes e eficaces contra a delincuencia”.

4). “Aínda que poida parecer unha utopía, hai que contemplar outras alternativas ao cárcere “que, lonxe de resolveren o problema da delincuencia, constitúe un factor amplificador da mesma” **“Exploremos entón vías alternativas que poidan ser máis conciliadoras, máis reparadoras, máis respectuosas coas vítimas, máis eficaces en termos de seguridade a longo prazo e, ademais, por se fose pouco, máis baratas, tamén. como máis eficiente.e eficaz dende o punto de vista social**”.

5). “Esforzarse para que **os egresados non regresen ao cárcere** e se incorporen á sociedade de forma normalizada, e fiquen niveladas as súas asimetrías (plena responsabilidade, superación de déficits sociais e adiccións, lealdade ao tratamento de enfermos mentais, etc.), constitúe unha esixencia ineludíbel do sistema penitenciario e unha responsabilidade social de todos, incluída a Igrexa católica. En palabras de san Xoán Paulo II, **“aínda estamos lonxe do momento no que a nosa conciencia poida manterse limpa de ter feito todo o posíbel para previr o crime e reprimilo de forma eficaz, para que non siga prexudicando e, ao mesmo tempo, ofrecer aos delinquentes un camiño de rehabilitación e reinserción positiva na sociedade”**

6). “Neste mesmo sentido, boa parte dos presos **proceden das Parroquias, Arciprestados e Vigaros da diocese: os párrocos, arciprestados e vigarios deben visitalos nos cárceres e atender ás súas familias**”. E contactar coa Pastoral Penitenciaria para unha atención íntegra, integral e integradora.

7). “O campo da familia é, unha vez máis, un espazo que, coidado pastoralmente, pode xerar moito ben para todos”.

8). “Ninguén na comunidade diocesana pode sentirse lexitimamente exonerado deste deber. “Pequenos pero fortes no amor de Deus, como san Francisco de Asís, todos os cristiáns estamos chamados a coidar a fragilidade das persoas e do mundo no que vivimos”

9). “A Igrexa aprecia o labor das persoas que dedican o seu esforzo profesional á reinserción na sociedade dos penados, que en moitas ocasións sufriron unha extrema exclusión social que os empuxou á delincuencia”.

“Isto sabémolo ben **os que xa levamos anos inmersos pastoralmente nas barriadas pobres**, onde se acumulan todas as depresións xuntas”.

10). “O horizonte cara ao que pretendemos avanzar é realizar unha tarefa de evanxelización partindo da atención á poboación penal e promovendo **procesos de acompañamento atendendo ás diferentes dimensións humanas**”.

11). “Trátase de prestar un servizo integral á persoa, tendo en conta as súas necesidades **materiais e as súas esixencias intelectuais, morais, espirituais e relixiosas, sen excluír a ninguén da súa solicitude pastoral**. É, ao home e muller holísticamente considerados, **na súa totalidade**, corpo e alma, corazón e conciencia, intelixencia e vontade, quen son o obxecto central do quefacer pastoral da Igrexa” (GS 3).

12). “Ademais, a Pastoral desexa dirixir **a súa atención ás familias**, que tamén sofren pena”.

13).- **O grande desafío é poder chegar un día ÁS VÍTIMAS, desde unha proposta de xustiza restaurativa**”.

14). “Tamén **os funcionarios**, no seu difícil labor, forman parte das nosas inxerencias pastorais”.

15). “Neste sentido, **o noso grupo diocesano** busca, coa súa constitución canónica, **incorporarse ao proxecto da Pastoral Penitenciaria diocesana e española, superando o vello modelo da atención das capelanías penais**, vinculando o noso labor **á misión pastoral diocesana**”.

16). “É preciso superar tamén o que sería unha mera pastoral carceraria, tendo en conta que **o cárcere é unha etapa transitoria**, que **debe ser canle para un proceso de inserción social, rehabilitación e reeducación**”.

17). “Neste sentido o noso horizonte **debe partir da prevención e orientarse a unha verdadeira inserción incluíndo procesos de crecemento persoal** que non acaben frustrándose ao terminar a reclusión”.

18). “O desafío é **visibilizar o mundo da prisión, como a parte máis dura da exclusión social**, creando unha sensibilidade na nosa contorna social, e por suposto na eclesial”.

19). “O labor penal **non é unha mera asistencia social** que tamén se lles podería deixar a outros, **senón unha misión no corazón do evanxeo e en contacto con nosas propias raíces**”.

20). “A Pastoral Penitenciaria é un **verdadeiro lugar de evanxelización: é un labor que pertence a toda a comunidade diocesana**”. **“Un lugar teolóxico”, onde Deus ‘acontece’ realmente**.

21). “Hoxe brinda atención pastoral a estas persoas privadas de liberdade a través da Pastoral Penitenciaria e as súas capelanías, ás que incorporou **un voluntariado cualificado e xeneroso** que trata de responder as necesidades das persoas e que **aspira a que o triste camiño que os conduciu á prisión non se volva a percorrer xamais**”.

(Extractos literais da *Carta Pastoral do Arcebispo D. Julián*. e do *Proxecto de Pastoral Penitenciaria*, citados na bibliografía que se apunta neste mesmo documento. (Están na internet).

## **MONDOÑEDO-FERROL. CURSO 23-24: PROXECTO DE INICIO**

- **“LEVADE A ALEGRÍA DO EVANXEO”.** (E G). Evanzelizar o mundo penitenciario.
- **ÁREAS:** 1. Relixiosa. 2. Social. 3. Xurídica.
- **ÁMBITOS:** 1. Prevención. 2. Acompañamento na reclusión. 3. Acollida na saída, reeducación, rehabilitación, reinserción, resocialización.
- **ATENCIÓN A :** Familias. Víctimas. Funcionariado.
- **“Non hai vida cristiá sen comunidade”.**
- **Chegar a toda a Diocese:** Na nosa diocese non temos cárceres físicos. Pero si moitos presos e presas. **ÚRXENOS FACER UN CENSO ACTUAL DESDE AS COMARCAS DE ORIXE. Partir dun estudo serio da nosa realidade das pobreza e da reclusión.** (UPA).
- **PARTIR DO QUE XA EXISTE: Non apagarás a torcida que aínda fumea”.** Levamos desde o ano 2009 con unha presenza colaboradora, regular, continuada e crecente no Voluntariado en Teixeira, coordinado organicamente coa Capelanía da Arquidiocese de Santiago que é quen realmente ten a misión, o encargo e a xurisdición canónica. Hai moi bo entendemento e vontade positiva de colaboración. Non tiñamos un mandato diocesano, como tal e oficial de Mondoñedo-Ferrol. Non eramos propiamente Pastoral Penitenciaria diocesana. Só en canto comunidade Parroquial de Mandiá e Marmancón. E nese senso, foi Pastoral Penitenciaria Diocesana. Os bispos tiveron sempre información detallada da presenza e das actividades en noticia oficiosa. Á ordenación de Mons. de la Heras fomos 25 persoas de Teixeira, entre internos e funcionarios.
- A nosa misión específica e especializada na diocese **ten de estar máis vinculada ás comunidades da diocese, tanto na prevención, permisos e, moi importante, na acollida cando chegan co cumprimento final e total das condenas.** E iso supón todo un estudo, compromisos e iniciativas con participación efectiva de moitas persoas.
- **A colaboración con Cáritas e Pastoral da Saúde é de todo punto imprescindible. É necesaria unha boa FORMACIÓN:** seria, cualificada e comprometida.
- **A CASA DE ACOLLIDA: Para permisos de presas e presos é unha graza de Deus. Débese á iniciativa e compromiso persoal de D. Fernando, o Sr. Bispo.**
- **Tamén unha axuda biunívoca coas institucións cidadáns e comunitarias.** A todas.
- Seguimento nos procesos de escoita, empatía e acompañamento de familias, vítimas, e en tantas circunstancias que aínda hoxe non temos perfiladas.
- Temos de pensar nun achegamento ao mundo xurídico e sanitario. Sen présas pero sen pausas. Por aí pasa a vida, a liberdade e mesmo a inocencia das persoas. Unha xustiza xusta, compasiva, salvadora e reparadora. En tempo debido e adecuado. Unha xustiza e destempo e unha inxustiza
- O 60% estímase que son persoas enfermas. Sobre todo psíquicas, psicolóxicas. **Non son do cárcere.**
- Iremos contactando e informando. **“Contamos todas/os con con todas/os”.** Grazas.
- **Un inimigo principal: Os esquemas mentais condenatorios introxectados na mesma sociedade,** que somos todos: “Que apodrezan no cárcere”. “Que fagan trizas con todos eles”. “Os funcionarios son todos uns ignorantes e malos bichos”. A iso os psicólogos chámanlles: ‘Cognicións distorsionadas’. ‘Pensamentos automáticos’.

‘Esquemas mentais’. ‘Ideas fixas, sobrevaloradas, tóxicas’. ‘Preconceitos’. ‘Pensamentos negativos ou inexactos’. (Albert Ellis. Aaron Beck).

### **URXENCIAS NA NOSA DIOCESE XA PARA AGORA E AQUÍ:**

- **1º.-** Creación, estruturación, conformación e consolidación do Grupo da Delegación Diocesana de Pastoral Penitenciaria, con visión e orientación diocesana: Proxecto. Programa. Obxectivos. Actividades. Priorizacións, segundo posibilidades.
- **2º.-** Coidado e acompañamento no avance progresivo integral e integrado do grupo.
- **3º.-** Toma de contacto coas UPA da Diocese. Análise da realidade: un estudo e achegamento real, non ficticio, á Pastoral Penitenciaria nas Comunidades parroquiais: Elaborar un censo real e actualizado de persoas, familias, vítimas desde as comunidades. E clarificación de necesidades ‘sentidas’ e ‘reais’.
- **4º CALENDARIO** das primeiras actividades deste primeiro curso, **priorizando progresivamente o posíbel por riba do desexábel,** xa que ficaría nos papeis.

### **UNHA BIBLIOGRAFÍA MÍNIMA. (DISPONÍBEL NA INTERNET):**

1. **JULIÁN BARRIO,** *Carta Pastoral a los internos de Teixeiro,* Año Misericordia. Cáritas Santiago de Compostela. 2015.
2. **BOA, Junio-Julio 2021, Núm. 3.772 ,** *Proyecto de Pastoral Penitenciaria, pp. 458-464,* Boletín Oficial del Arzobispado de Santiago de Compostela Junio-Julio 2021, Núm. 3.772, pp. 466-72.
3. **LAURA ZANÓN, JAVIER VITORIA,** *Los CIE: instrumentos de sufrimiento inútil,* Cristianisme i Justícia, Cuaderno 232, Barcelona. 2023.
4. **V. RENES, M.Á. GONZÁLEZ, Á. GÓMEZ, J.L.SEGOVIA, J. PIKAZA, R. PRAT, J.DEVESA,** *Grandes líneas de una Pastoral Penitenciaria para el tercer milenio,* Obra Mecedaria, Núm. 226, Valencia 2001.
5. **ICPPC-EUROPA,** *“IN CARCERE ERAM, ET VINISTIS AD ME”, PLAN DE PASTORAL PENITENCIARIA, SEGÚ EL MENSAJE DE JUAN PABLOII PARA EL JUBILEO EN LAS CÁRCELES,* Viena, 2003.
6. **CISTÓBAL SÁNCHEZ BLESÁ, XAVIER CAÑO TAMAYO,** *Voluntarios en Prisión. Ciudadanía en la sombra,* PPC, Madrid, Madrid 2012.
7. **AA.VV. ,** *Marco para un Plan de Pastoral Penitenciaria. Mensaje Jubilar de Juan Pablo II,* Fundación Ágape, Madrid 2005.
8. **RAMÓN PRAT i PONS, TEOLÓGÍA PASTORAL.** *Compartir la alegría de la fe CAP. IX: PASTORAL PENITENCIARIA, pp. 423-431* Secretariado Trinitario, Salamanca 2019.
9. **EVARISTO MARTÍN NIETO,** *PASTORAL PENITENCIARIA, pp.1123-1132,* voz en *Nuevo Diccionario de PASTORAL,* dir. CASIANO FLORISTÁN, San Pablo, Madrid 2002.
10. **CORINTIOS XIII, OTRO CUMPLIMIENTO DE PENA ES POSIBLE. X Congreso Nacional de Pastoral Penitenciaria,** EL ESCORIAL, 21.23 oct. 2022, Cáritas Española, enero-marzo 2023/nº 185.

## **NOMEAMENTO**

**EL OBISPO MONDOÑEDO FERROL.  
DON FERNANDO GARCÍA GADIÑANOS. POR LA GRACIA DE DIOS  
Y DE LA SEDE APOSTÓLICA. OBISPO MONDOÑEDO-FERROL.**

“La adecuada atención pastoral y el mejor gobierno de la Diócesis por parte del Obispo exige que, para determinados asuntos el Obispo pueda nombrar colaboradores cualificados más cercanos que le presten su ayuda y obren de consuno con él, de modo que redunde en beneficio de la acción pastoral”

“Por todo y en virtud de nuestras facultades, por las presentes nombro a **doña Nieves Espiñeira Medín**, como **Delegada Episcopal de Pastoral Penitenciaria**, con todas las facultades, derechos y deberes inherentes dicho cargo, a tenor del vigente Código de Derecho Canónico”.

“Pido al Señor le envíe la luz y la fuerza de su Espíritu para desempeñar con abnegación y sentido evangélico dicho cargo en bien de nuestra querida Diócesis”.

Dado en Ferrol, a 12 de agosto de 2023

## **PRESENTACIÓN:**

Algúns dos que me coñecen e tratan preguntanme. E logo ti que sabes diso? E teñen razón. Cal é a miña relación co mundo do cárcere e dos presas e presos?

Por respecto a todas e todos creo que debo consignar algo da miña camiñada persoal en relación ao mundo do cárcere e Pastoral Penitenciaria.

Iso que no mundo laboral esixen: “Acompáñese sempre o seu curriculum persoal”.

## **NIEVES ESPIÑEIRA MEDÍN**

- **Nai de familia. Avoa de 6 netas/os.**
- **Xubilada do mundo empresarial.**
- **Formación: Experta en Xestión Empresarial. Experta en Xestión de Recursos Humanos.**

## **FORMACIÓN ESPECÍFICA EN PASTORAL**

- **DIPLOMADA EN INTERVENCIÓN CLÍNICA Y PSICOSOCIAL EN EL ANCIANO. ICEPS. Las Palmas de Gran Canarias. ( A distancia, 1996 ).**
- **DIPLOMADA EN PASTORAL PENITENCIARIA. INSTITUTO SUPERIOR DE PASTORAL, UNIVERSIDAD PONTIFICIA SALAMANCA ( UPSA – MADRID ). (2019).**
- **FERRAMENTAS EFICACES PARA DESEMPEÑAR O LABOR VOLUNTARIO. Curso. Xunta Galicia (2015)**
- **FORMACIÓN DE VOLUNTARIADO EN CENTROS PENITENCIARIOS . Curso. Xunta de Galicia. (2015).**
- **CURSO DE ACOMPAÑAMENTO DE PERSOAS EN RECLUSIÓN. Xunta Galicia (2007).**
- **HUMANIZACIÓN DE LA ASISTENCIA A ALGUNOS GRUPOS DESASISTIDOS. IV jornadas de humanización, Prosac - Mondoñedo Ferrol ( 1997)**

- **APRENDIENDO A ACOMPAÑAR SOLEDADES**, Escola Diocesana de Axentes da Pastoral Mondoñedo – Ferrol ( 2016 )
- **AS RELACIÓNS ENTRE CENTROS DE DROGODEPENDENCIAS E INSTITUCIÓNS PENITENCIARIAS**. Asfedro ( 2019)
- **GESTIÓN EMOCIONAL EN LA PANDEMIA**. Instituto da familia, Fundación Amigos de la Barrera. ( 2021)
- **VOLUNTARIADO, CENTRO PENITENCIARIO DE TEIXEIRO**. (Desde 2015).
- **FORMACIÓN CONTINUADA EN PASTORAL PENITENCIARIA**. Atención Comunitaria Teórico-práctica e asistencial en múltiples actividades. Parroquia de Mandiá. Desde 2009.
- **CURSOS DE PASTORAL DA SAÚDE**. Desde 1998. Mandiá.
- **FORMACIÓN CONTINUADA EN PASTORAL PENITENCIARIA COMUNITARIA. Grupo Interparroquial de Docencia Especializada desde 2011**. TEXTO BASE: RAMÓN PRAT i PONS, *TEOLOGÍA PASTORAL. Compartir la alegría de la fe* CAP. IX: *PASTORAL PENITENCIARIA*, pp. 423-431, 4ª e; Secretariado Trinitario, Salamanca 2019.  
**Sede: A VV. da Parroquia de Marmancón.**  
**Asistencia: 20 participantes-colaboradores asiduos.**

**Como dí D. Fernando, o noso Sr. Bispo no nomeamento:**

**“Pido al Señor ‘me’ envíe la luz y la fuerza de su Espíritu para desempeñar con abnegación y sentido evangélico dicho cargo en bien de nuestra querida Diócesis”.**